

figura d'o mar no gallego á categoría d' héroe.

¡Ouí Méndez Núñez saíu ben d' aquela loita titáneca y-o antuseasmo d'o pobo afo-gou o rábecha d' algú; pro si tiver' a disgrá- cea de ser vencido, sin deixar por eso de me- recel- os loureiros d'o héroe, quizaves fose castigado. Por algo ouviu quen estes rin- guilós esquirbe, non fai moito, á un marino, que cando se se p' a hestórea íntima ou sa- creta d' aquela guerra, cando náide ñore o que tivo que sufrir o grande Méndez Núñez, estonces a súa figura medrará pra todol- os amantes d' España, aparecerá mais grande, mais subrim' e cina de pñerse, con ventu- xa, o lado d'o vencedor de Lepanto, e d'o hé- roe d' o Garillano.

Nosoutros, o recordar o día 2 de Maio a nobre guerra d' a Independéncia, en qu' os nosos país o sacrificaron todo n-as aras d' a libértá naceonal, non podemos esquecer o héroe d'o Callao, o ilustre gallego, qu' en aquel mesmo día fixo reverdecel- os loureiros de Bailén n-a outra banda d' os mares, e mentras n-a nosa mente sintimos rebulir unha oraceón, a nosa boca non s' abre si- non pra dicir:

¡Grórea á Mondez Núñez! ¡Viva Galicia!

AMADOR MONTENEGRO.

## MORRIÑA

—o—

I.

¿Que teño preguntades? ¿Por que levo  
sémpr' agachiad' a testa  
a ollada fusca, desdenos' o beizo  
e muchal-as meixelas?  
É que cairor sobr' os meus cabelos  
d'a miña pátreas brétemas  
e sálouco e sospiro sin achego  
en unha terr' allea.

II.

Afeito estou ás mágoas  
endes qu' a miña terra xa perdín,  
y-o día qu' os meus ollos faltan bágoas...  
¡sinto un desasosego drento a mín!

III.

Fácil é atoparme  
s' un día me perdo;  
pol-o chan buscade  
o-escuro rëgueiro  
qu' as miñas bagullas  
n-c polvo fixeron

y-así, o fin hacharnos  
podremos, de certo.

IV.

Diredes qué tañ soyo son meus cantos  
rosarios de bagullas,  
pro ¿que querés d'aquil qu' en vés de tinta  
bágoas leva n-os gallos d'a súa pruma?

V.

‘O través de tantas legoas  
que d'a Cruña me soparan,  
estouna vendo tan meiga  
qu' o corazón m' asoballa,  
¿Coidás que digo mentira?  
c-un pano cubríme a cara  
e poñerme n-un camiño...  
¡verés si chego a atopala!

Qu' anque non-a ven meus ollos  
está ollándoa a miña y-alma!

VI.

Para adourar á Díos teñen as neñas  
ús rosáreos de doas de nácara,...  
eu tamén pr' adourar á Galicia  
outro teño de doas de bágoas.

MANOEL AMOR MEILAN.

Chilches (Castellón)—1893.

## DUAS PALABRAS

A K. NARIO

Os mais pequenos, os mais insinificantes en- tr' os rexionalistas gallegos; pro non certamen- t' os menos antuseastas y animosos, non po- demos pasar hoxe sin adicar dúas palabras. O que, baix' o pseudónimo de K. Nario esquirbe n-o noso colega de Pontevedra «El Anuncia- dor», tomando por asunto pr' os tres artigos que levan por epígrafe *A unos y á otros*, a po- lémica que sosteñen dous periódicos, d' aquela hermosa cidá, un é de Santiag' o outro.

Non ensaminaremos os motivos que tiveron os periódicos aludidos pra entrar en disputa e limitándonos soíl' os artigos de «El Anun- ciador», non deixaremos de facer notar, con- doo noso, o afán con que K. Nario trata de rebaixarnos os rexionalistas, chegando á com- pararnos con Don Quixote, porque, responden- do á un deber que crémos sagrado, non- os por- puxemos defender os catalás nin á Cataluña, que pra facel-o ten aquela nobre Rexión y- os seus fillós forza y-animos d' abondo, sinon fa- cer eco á unha portesta d' aqueles o ver o seu linguaxe, o linguaxe poético e subprime de Ver- daguer, ensultado, e post' o nivel d'o que se-

fala n-as pescaderías ou n-ós barrios baixos d' as grandes cibdás.

Nosoutros, e importáno: fixar ben este punto, causa primeira d'a polémica xa dita e d'os artigos de *K. Nario*, ó facer ec' ós catalás n-a súa portesta, non quixemos tomar a defensa d'a lingua catalana soamente, sinon d'as linguas rexionales, e resultadas n-aquela, eco-esto queda desvirtuado un d' os cargos máis graves qu' o menceado articulista nos fai: o de que, naméntras deixamos pasar por alt' os insultos á Galicia, tomémol a defensa de Cataluña. Un maxistrado insulta, penseo que queira *K. Nario*, o idioma de Cataluña, os fillos d' esta portestan y algú gallegos fan súa esta portesta, non precisamente porque fose insultad' a lingua catalana, anque pensamos qu' esto soilo siria motivo bastante pr' este proceder, sinon porqu' aquel maxistrado friu, lastimou co-as súas imprudentes palabras ós de nais ideomas que se falan en España, com' o bascuence, o lemosín y-o gallego, e son dinos, *pol o menos*, d' a consideración que goza o castillano. Nosoutros houbéramos feito esautament' o mesmo, s' en vez de ser o catalán, houbese sid' o asturean' ou o bascuence ouxeto d' aquel insulto, anque por que negal-o? con mais gusto unimol a nosa debre voz á de Cataluña. Rexión n-a qu' o nome de Galicia é respetado e quirido, Rexión n-a qu' os nosos asuntos y- os nosos intreses non son mirados co-a indiféncia y-hastr' o despréceio que solen n-outros sitios.

- Titula *K. Nario* o seu primeiro artigo «Algo de historia» e recorda n-él que por dúas veces se tratou de fundar e pidiu a fundación d' unha «Académea Gallega» sin resultado algú. Deixaremos á parte a ventaxa ou desventaxa que poder a traer pra Galicia *por hove* a tal Académea, non ensaminaremos s' a d' a lingua castillana correspondeu sempre o que d' ela se tivo direito á esprar y-á eisixir, s' algunha vez contribuíu máis á lixar qu' á limpal-o ideoma; pro que secuéncia quér sacar *K. Nario* de qu' os periódicos á quen se dirixe non acentasen a idea, non se fixesen ecó d' a opineón respetabre d' algú? P'ai pouco tempo acupábamonos n-as columnas d' o noso modesto Somanário, d' unha custeón que, com' a d' as minas, é d' importancia esceuceonal pra Galicia, estrevémonos á dicir que de vida ou morte, erogábamos ós nosos colegas dixesen algo; mais «El Anunciador» nada dixo. Tampouco fai moito que «El Pensamiento Galaico» falou por dúas veces d' o trist' estado d' os nosos arquivos e bibliotecas e nada vimos en «El Anunciador» pol-o que poidésemos vir en coñecemento qu' o dito periódico li' intresaban tales asuntos, e sin embargo poderíamos dicir por esto que «El Anunciador» é un periódico pra quen o ben-estar de Galicia é indefrente? Non certamente.

Pro hai mais aínda: como *K. Nario* faicarg, ós rexionalistas por non haber dado creto á Don Antolin Esperón, por exemplo, cando pid'a den-

d' as columnas d' «O Galiciano» a fundación d' a Académea Gallega, si n-ó mesmo artigo nos chama rexionalistas *novos* e dice que moitos non-o éramos nin sabiamos o qu' era o tal rexionalismo hastra que nol-o insinou Brañas? Ou aquí hai unha contradición, ou nosoutros non sabemos ler, porque si non éramos rexionalistas que nos viña nin que nós ibá en que se fundase o non a Académea?

Lamentamos c' o colega qu' a polémica chegu' ás veces ó farreo d' as personalidás; pro non podemos admitir que d' esto se saque tamén un cargo contr' o rexionalismo, porque ¿acaso esta doutrina fai ós homes tan prefeitos que lles faga esquecer a súa própea natureza? ¿Están libres d' este mal ós antirexionalistas?

Tampouco podemos tomar en séreo aquilo de qu' porque saímos á defensa d' o catalán, deberíamos facel-o mesmo c' o alemán, c' o inglés, etc.; porque naida atac' á estes ideomas, antes pol-o contráreo, a lei de cada pobo garantiza o seu uso; pro s' houbera un tirano que, como en Rusia y-Alemania, quixer' arrincar á forz' á outra Polonia o seu própeo ideoma, ¿por que non portestar n-o nome d' a humanidade?

E facemos aquí punto, porqu' as dimensións d' o noso Somanário non-os premiten esquirbir tan longo como quixéramos. Nosoutros estamos conformes con *K. Nario*: o rexionalismo é traballar pol-o engrandecemento d' a Rexión, pro pra isto crémos necesáreo remover algo qu' o impide y-arrebolar moito qu' o estorba, e por crér' esto non deixaremos de merecel-o diutado d' «amantes verdadeiros d' a pátreia», que menos escrúvístas qu' o colaborador de «El Anunciador», non lle negamos á él.

XÍLGARO.

### A MANOEL MURCIA (1)

Arma ó brazo, de pé sobr'a trincheira,  
sabio e batalador pruma y-espada  
esgréme pol-a serva enfeñollada  
abrazado ó mastil d' unha bandeira....

Alcendida n-o craneo unha fogueira,  
a testa ó peso d' o saber dobrada,  
co-a cruz n-as costas d' a probeza honrada,  
atral-a inxurea y-os desdés á veira;

Co-a crava d' o titán cando se loita,  
c' o tirso de cravés cando se vence;  
poñerlle sobr' as siés é de xusticia

(E cale a envexa si o meu dito escoita)  
croa qu' a pátreia con orgullo entrence,  
ó gallego máis grande de Galicia!

ALBERTO GARCÍA FERREIRO.

(1) Váreos periódicos de Galicia y-algún de Madrid publican este soneto, que forma parte d' a obra titulada *Chorimas*, prousim' a publicarse.